



*galling behind
...hibition. Lido!*

euismod lacin... risus sed vulputate odio. sed
euismod... at quis. Ut tellus elementum
...icies lacus sed turpis tincidunt id
... massa ultricies... Magn
... amet
... duis ut diam
... on diam phase
... sit amet dictu

acorper sit amet
aper feugiat nibh
ag elit duis tris-
t mauris nunc
la fames ac
h mauris. At

etiam... Lu
diam in. Mi ipsum
sodales neque sodales
... quis. In dic
... isus ultricies t
... ne per... sar... et.
lorem dol... fr... est ullam

OS PRECURSORES DO REXURDIMENTO

Lingua Galega e Literatura 1





A literatura galega no **SÉCULO XIX**

Despois dos séculos do galego medio, o XIX convértese, grazas a varios factores, no século do Rexurdimento da lingua e da literatura galegas; porén, é un movemento que non aparece de súpeto.



1808-1843

Este é o primeiro período do prerrexurdimento, unha época que sucede aos séculos do galego medio pero na que se comezan a publicar textos circunstanciais e propagandísticos en galego.

1843-1853

Coa chegada ao trono de Isabel II, comezan a aparecer xornais e publicacións que, relacionadas co provincialismo, van promover o emprego da lingua.

1853-1916

A publicación d'*A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos, marca o comezo do Rexurdimento, que alcanza a plenitude entre 1863 e 1880.




Os textos do **PRERREXURDIMENTO**

Primeiros textos

Son **textos de circunstancias e de propaganda**, primeiro **contra os franceses** (*Proezas de Galicia, Un labrador que foi sarxento aos soldados de novos alistamento*), despois como parte dos **enfrentamentos entre liberais e absolutistas** (*Rogos dun galego afincado en Londres*).

Os textos literarios

Como textos de valor literario desta época, debemos destacar, na lírica, **a obra poética de Nicomedes Pastor Díaz**, abeirada ao romanticismo. Por outra banda, destaca no teatro ***A casamenteira*, de Antonio Bieito Fandiño**, que conecta co teatro español da ilustración (*El sí de las niñas*).



OS PRECURSORES

Os precursores son un grupo de autores que publican a súa obra entre 1853 e 1880 e, polo tanto, abren o camiño do Rexurdimento.

Dentro deste grupo debemos incluír a **Francisco Añón, Alberto Camino, Marcial Valladares, Antonio Fernández Morales e Xoán Manuel Pintos.**

CARACTERÍSTICAS DOS PRECURSORES

Tradición e mundo rural

Reivindicas as tradicións e o mundo rural galego, que consideran realmente auténticos e que deben ser conservados.

Sentimentalismo

Cren no intimismo, na saudade, na morriña etc. como parte da forma de ser galega; a lingua galega é vista como lingua dos afectos.

Contra a emigración

Identifican a emigración, que dezma a poboación galego durante case todo o século XIX, como un dos grandes males do pobo galego.

Luz e progreso

Á marxe da súa relixiosidade, estes autores militaron maioritariamente no laicismo e no liberalismo.

OS PRECURSORES



Francisco Añón

A súa obra xira arredor da exaltación da paisaxe e dos costumes do país, mais desde a óptica da infancia como Arcadia perdida.

Alberto Camino

Autor dunha poesía de corte intimista e fortemente subxectiva que amosa unha filiación romántica. O seu poema «O desconsolo» convértese nun símbolo da validez da lingua.

Marcial Valladares

Conta cunha etapa de poesía intimista e outra costumista, e adoita valorarse máis a do primeiro grupo.


Antonio F. Morales

Autor dos *Ensaíos poéticos en dialecto berciano* (1862), obra costumista e próxima ao naturalismo escrita en galego do Bierzo.

Xoán Manuel

Pintos

Autor d'A *gaita gallega* (1853), primeiro libro publicado en galego. En Pintos destaca o costumismo e a reivindicación de Galicia, así como o uso do diálogo.



OBRAS MÁIS RELEVANTES



A gaita gallega (1853)

Trátase dun diálogo entre un gaiteiro pontevedrés e un tamborileiro foráneo. É, en realidade, unha especie de manual de lingua e cultura galegas que lle serviu a Pintos para recompilar toda a súa obra escrita.



Álbum de la caridad (1862)

Volume que recolle as obras dos Xogos Florais da Coruña de 1861, tanto premiadas como non, e supón unha antoloxía de poesía galega que recolle textos tanto de autores do prerrexurdimento como de figuras do Rexurdimento como Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.